

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 1 de setembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2017/18.*

BDNS (Identif.): 361628.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Persoas desempregadas con titulación universitaria matriculadas no curso 2017/18 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar en réxime de concorrencia competitiva axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das axudas*

O importe global previsto na orde é de 200.000 €.

A contía da axuda cubrirá o importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario segundo os prezos públicos establecidos no anexo do Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos



académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2017/18 (DOG nº 134, do 14 de xullo).

Para os incluídos no punto 1.2 do anexo do decreto, a contía máxima asignada será de 1.788,6 euros para os da epígrafe A) e de 1.215 euros para os da epígrafe B).

Para os incluídos no punto 1.3 do anexo do decreto, a contía máxima asignada será de 1.881,6 euros para os da epígrafe A) e de 1.296,6 euros para os da epígrafe B).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

